Ao igual ca no caso da formación en idiomas, as actividades enmarcadas no Plan ofimático tamén se articularon como un programa formativo específico dentro do Plan de formación da EGAP, co obxecto de que o persoal das distintas administracións da Comunidade Autónoma e o persoal de administración e servizos das universidades do sistema universitario de Galicia poida mellorar o seu nivel de capacitación no uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

No 2020 convocáronse no DOG núm. 36 do 21 de febreiro un total de 40 edicións e 2.000 prazas.

Edicións	Prazas
40	2000

Todas estas actividades acadaron un total del **4.337 solicitudes**.

Satisfacción do alumnado coa formación recibida



As actividades avaliadas acadaron unha satisfacción global de **4,59** (nunha escala de 1 a 5 e en base a 1062 enquisas).

Cursos convocados no ano 2020

Código	Nome do curso	Horas	Edic.	Prazas
OF20001	Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (LibreOffice Base)	50	4	200
OF20002	Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft office 2010)	50	3	150
OF20003	Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft office 2010)	50	4	200
OF20004	Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)	50	7	350
OF20005	Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft office 2010)	30	4	200
OF20006	Aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)	30	7	350
OF20007	Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (LibreOffice Impress)	30	3	150
OF20008	Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Microsoft office 2010)	30	3	150
OF20009	Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (GNU/Linux Debian 9)	30	1	50
OF20010	Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (Windows 10)	30	4	200

Igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero

Durante 2020 a Escola Galega de Administración Pública incrementou de maneira substancial o número de actividades relativas á igualdade e á prevención e loita contra a violencia de xénero, creando ademais unha convocatoria específica dirixida a todo o alumnado, publicada no DOG núm. 40, do 28 de febreiro.

Estas actividades formativas en materia de violencia de xénero foron financiadas nun 67 % con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade).

No 2020 convocáronse un total de **38 edicións** e **1.685 prazas**.

Edicións	Prazas
38	1.685

Todas estas actividades acadaron un total del **2.889 solicitudes**.

Satisfacción do alumnado coa formación recibida



As actividades avaliadas acadaron unha satisfacción global de **4,66** (nunha escala de 1 a 5 e en base a 861 enquisas).

Cursos convocados no ano 2020

Código	Nome do curso	Horas	Edic.	Prazas
FC20045	Ser a líder: o liderado e autoliderado feminino	12	1	35
FC20063	Conciliación da vida persoal, familiar e laboral	30	1	50
FC20124	Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	20	10	500
FC20125	Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	20	5	125
FC20126	Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	20	2	100
FC20127	Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero	20	6	300
FC20128	Igualdade de xénero: Perspectiva xurídica	21	2	49
FC20129	Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	30	2	100
FC20130	O enfoque de xénero no deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos	25	3	150
FC20131	Sexting, sextorsión, violencia de xénero dixital	20	6	300
FC20132	Violencia de xénero	21	2	60
FX20005	Atención integral en violencia de xénero	21	2	58
FX20006	Módulo II. Violencia de xénero e familiar. Tramitación	30	1	50
FX20007	Violencia de xénero dende a perspectiva socioasistencial	20	2	60
LO20003	Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero	20	1	50
LO20004	Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	30	1	50
UN20003	Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero	20	1	50
UN20004	O enfoque de xénero no deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos	25	1	50

Cursos superiores, monográficos, xornadas e webinarios

43 Cursos superiores, monográficos, xornadas e webinarios

44 Cursos superiores convocados en 2020

46 Cursos monográficos convocados en 2020

51 Xornadas convocadas en 2020

53 Universo EGAP innova

58 Webinarios convocados en 2020

Cursos superiores, monográficos, xornadas e webinarios

Nos últimos anos a Escola Galega de Administración Pública consolidouse como unha institución aberta a toda persoa interesada en aspectos de actualidade, relevantes e incidentes no funcionamento da Administración pública.

Por conseguinte, desde a EGAP favorécese unha formación especializada para o persoal empregado público e para aqueles profesionais que traballan en contacto directo coa Administración, mediante cursos superiores e de especialización, e unha maior aproximación da cidadanía ao eido público, a través de cursos monográficos e xornadas.

Ademais, impulsados polas restricións derivadas da pandemia en 2020, a Escola iniciou a emisión de webinarios a través da Aula virtual da EGAP, un formato que permite impartir seminarios vía web con interacción entre o relator e o alumnado.

Neste contexto tamén destaca a continuidade dos e-martes, as xornadas de formación práctica dixital que permitiron formar durante este ano a máis de 200 persoas nas transformacións tecnolóxicas, organizativas e lexislativas derivadas da administracion electrónica.

En suma, en 2020 a Escola convocou un total de dous cursos superiores, cinco cursos monográficos, nove xornadas e sete webinarios, os cales se detallan nas seguintes páxinas.

Cursos superiores convocados en 2020

PU20005: Curso superior de xestión de entidades deportivas: retos e desafíos

Un dos alicerces fundamentais sobre os que se sustenta o deporte constitúeno as diferentes entidades que artellan a práctica deportiva: clubs, federacións ou asociacións. A complexidade á hora de administrar, xestionar e dirixir este tipo de organizacións é crecente, dado que están a experimentar un proceso constante de axuste debido a factores como a profesionalización e comercialización do deporte, a súa crecente relevancia social e a contorna onde desenvolven a súa actividade, o que se traduce nunha variedade de formas estruturais.

É por iso que, mediante este curso, pretendeuse achegar ás persoas destinatarias as principais cuestións referentes ao proceso de xestión das entidades deportivas, facendo especial fincapé nos aspectos económicos, procedementais e lexislativos desde un punto de vista eminentemente práctico.

Persoas destinatarias	Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (autonómica e local), dos seus entes instrumentais, e das universidades do Sistema universitario de Galicia con responsabilidade na xestión de entidades e instalacións deportivas.		
Modalidade	Mixta	**Datas**	Inicialmente do 10 de marzo ao 28 de abril. Adiado aos días 14, 21 e 28 de setembro; e 5, 19 e 26 de outubro pola situación sanitaria.
Prazas	80	**Solicitudes**	151
Horas	40	**Resultados enquisa**	4,6 (nunha escala de 1 a 5 e en base a 36 enquisas)

CV20029: Curso superior de administración electrónica

Este curso afondou, desde unha perspectiva técnico-xurídica, na concepción da Administración electrónica, incidindo na importancia que ten a súa implantación nas distintas administracións da nosa comunidade. Os contidos do programa enfocáronse desde distintas perspectivas a Administración electrónica para que as persoas ás que se dirixe adquirisen ou perfeccionasen os coñecementos teóricos e prácticos da informática e do dereito, completando a súa formación no dereito da informática.

Organizado en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG).			
Persoas destinatarias	O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica e entidades instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia que se encadren nalgunha das seguintes categorías: grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario e grupos I e II do persoal laboral.		
Modalidade	Mixta	**Datas**	Do 21 de setembro ao 27 de outubro
Prazas	50	**Solicitudes**	370
Horas	114	**Resultados enquisa**	4,37 (nunha escala do 1 ao 5 e en base a 24 enquisas)

Cursos monográficos convocados en 2020

PU20006: Coeducación emocional: a educación emocional como ferramenta para promover a igualdade

Como principais obxectivos deste curso poden destacarse os seguintes:

- Dotar o alumnado dos coñecementos, competencias e aptitudes necesarias para coeducar (educar en igualdade), así como afrontar o desenvolvemento de programas de formación en igualdade de xénero.
- Contextualizar a igualdade no marco socioeducativo, destacando ferramentas e accións adoptadas no relativo á igualdade de xénero e oportunidades.
- Fomentar o emprego de ferramentas propias da educación emocional aplicadas á educación en igualdade e á prevención da violencia de xénero, alentando as competencias socioemocionais como chave para o igual desenvolvemento de homes e mulleres.

Persoas destinatarias	Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos seus entes instrumentais e das universidades do Sistema universitario de Galicia.		
Modalidade	Mixta	**Datas**	9, 10, 16, 17 e 18 de marzo
Prazas	50	**Solicitudes**	102
Horas	15	**Resultados enquisa**	7,8 (nunha escala de 0 a 10 e en base a 18 enquisas)



PU20010: A innovación social no sector público

Este curso tivo como obxectivo principal familiarizar o alumnado cos conceptos e procesos básicos da innovación social, con especial atención á súa relevancia, aplicación e particularidades no sector público, entendendo por innovación social o deseño e posta en práctica de novas solucións (modelos, produtos, servizos e políticas) que permitan responder mellor que coas xa existentes a determinados retos sociais.

A extraordinaria situación provocada pola pandemia do coronavirus creou incentivos particularmente poderosos para a innovación social. Así, a aparición súbita dun conxunto de problemas sociais novos para os que as solucións existentes non semellaban adecuadas provocou a proliferación de alternativas innovadoras, algunhas máis sutís ca outras. Con fins ilustrativos, o curso utilizou numerosos exemplos extraídos da resposta ante a emerxencia sanitaria do COVID-19 e as súas consecuencias. O foco púxose en exemplos centrados no sector público ou vinculados a colaboracións público-privadas. Por último, o obxectivo principal do curso fíxose efectivo a través de tres sub-obxectivos complementarios:

- Introducir ao alumnado nos conceptos e procesos básicos da innovación social, con particular atención ao sector público.
- Profundar na comprensión dos citados conceptos mediante a análise de estudos de casos prácticos.
- Consolidar o aprendido e comprobar a súa relevancia a través da súa aplicación preliminar a un reto social concreto seleccionado por cada alumno/a, idealmente relacionado co seu traballo.

Persoas destinatarias	Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica e entidades instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia, da Administración local, da Administración de xustiza e das universidades do Sistema universitario de Galicia que se encadren nalgunha das seguintes categorías: grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario e grupos I e II do persoal laboral.		
Modalidade	Teleformación	**Datas**	Do 1 ao 23 de xuño
Prazas	40	**Solicitudes**	362
Horas	15	**Resultados enquisa**	8 (nunha escala de 0 a 10 e en base a 28 enquisas)

PU20013: A planificación estratéxica como método de xestión pública

Os obxectivos fundamentais deste curso monográfico foron os seguintes:

- Analizar os aspectos máis destacados da planificación estratéxica e da dirección por obxectivos: conceptos fundamentais e principios.
- Motivar as persoas participantes na reflexión estratéxica para facer fronte aos desafíos do sector público.
- Profundar no coñecemento e no manexo das principais ferramentas necesarias para formular e implementar a planificación estratéxica como método de traballo nas organizacións públicas.
- Coñecer algunhas experiencias de planificación estratéxica levadas a cabo na Administración pública.
- Aplicar os coñecementos adquiridos mediante a elaboración dun plan estratéxico.

Persoas destinatarias	O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da comunidade autónoma e das universidades do Sistema universitario de Galicia, que se encadren nalgunha das seguintes categorías: grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario e grupos I e II do persoal laboral.		
Modalidade	Presencial	**Datas**	9, 10 e 11 de setembro
Prazas	40	**Solicitudes**	81
Horas	20	**Resultados enquisa**	8 (nunha escala de 0 a 10 e en base a 12 enquisas)

PU20018: II Curso monográfico A innovación social no sector público

Este curso tivo como obxectivo principal familiarizar o alumnado cos conceptos e procesos básicos da innovación social, con especial atención á súa relevancia, aplicación e particularidades no sector público, entendendo por innovación social o deseño e posta en práctica de novas solucións (modelos, produtos, servizos e políticas) que permitan responder mellor que coas xa existentes a determinados retos sociais.

A extraordinaria situación provocada pola pandemia do coronavirus creou incentivos particularmente poderosos para a innovación social. Así, a aparición súbita dun conxunto de problemas sociais novos para os que as solucións existentes non semellaban adecuadas provocou a proliferación de alternativas innovadoras, algunhas máis sutís ca outras. Con fins ilustrativos, o curso utilizou numerosos exemplos extraídos da resposta ante a emerxencia sanitaria do COVID-19 e as súas consecuencias. O foco púxose en exemplos centrados no sector público ou vinculados a colaboracións público-privadas. Por último, o obxectivo principal do curso fíxose efectivo a través de tres sub-obxectivos complementarios:

- Introducir ao alumnado nos conceptos e procesos básicos da innovación social, con particular atención ao sector público.
- Profundar na comprensión dos citados conceptos mediante a análise de estudos de casos prácticos.
- Consolidar o aprendido e comprobar a súa relevancia a través da súa aplicación preliminar a un reto social concreto seleccionado por cada alumno/a, idealmente relacionado co seu traballo.

Persoas destinatarias	Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica e entidades instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia, da Administración local, da Administración de xustiza e das universidades do Sistema universitario de Galicia que se encadren nalgunha das seguintes categorías: grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario e grupos I e II do persoal laboral.		
Modalidade	Teleformación	**Datas**	Do 2 ao 25 de novembro
Prazas	50	**Solicitudes**	347
Horas	20	**Resultados enquisa**	9,3 (nunha escala de 0 a 10 e en base a 41 enquisas)

PU20029: A Lei de contratos do sector público para os poderes adxudicadores non Administración pública (PANAP)

Este curso tivo como obxectivo propiciar o debate ao redor daqueles aspectos máis relevantes desde o punto de vista xurídico e da xestión introducidas polas últimas novidades lexislativas en materia de contratación pública que afectan aos PANAP (poderes adxudicadores non Administración pública), e achegar unha formación de carácter práctico sobre os sistemas e plataformas electrónicas para a tramitación dos procedementos de contratación no ámbito autonómico.

Persoas destinatarias	Responsables e xestores/as de contratación das entidades instrumentais descritas no artigo 45.b) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sempre que non teñan a consideración de administración pública: fundacións públicas autonómicas e sociedades mercantís públicas autonómicas.		
Modalidade	Mixta (teleformación e presencial)	**Datas**	14, 15, 16 e 17 de decembro
Prazas	29	**Solicitudes**	77
Horas	12	**Resultados enquisa**	4,7 (nunha escala de 1 a 5 e en base a 11 enquisas)

Xornadas convocadas en 2020

PU20003: Como loitar contra a aporofobia, o odio e a desinformación dende a Administración pública

O obxectivo principal desta xornada foi dotar o alumnado dos coñecementos e competencias necesarias para prevención de situacións de discriminación, culpabilización e/ou aporofobia que se poidan dar por mor dos prexuízos e os estereotipos no marco da Administración pública cara a persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social.

A través da formación e o debate construtivo tentarase reforzar o compromiso ético cos dereitos dos e das profesionais do Sistema de Servizos Sociais, animando á reflexión e facilitando ferramentas para a prevención de conflitos para, en definitiva, mellorar a relación entre a cidadanía e as administracións públicas. Tamén se presentaron os recursos dispoñibles en Galicia para a atención ás vítimas.

Persoas destinatarias	O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia e das universidades do Sistema universitario de Galicia, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.		
Modalidade	Presencial	**Data**	20 de febreiro
Prazas	-	**Solicitudes**	226
Horas	8	**Resultados enquisa**	8,52 (nunha escala de 0 a 10 e en base a 82 enquisas)

PU20015: Protección de datos a partir da pandemia Covid-19

O obxectivo principal desta xornada foi tomar coñecemento das últimas novidades na aplicación da normativa de protección de datos a partir da emerxencia sanitaria derivada da pandemia COVID-19 e analizar o impacto das medidas adoptadas sobre os dereitos contemplados en dita normativa.

Persoas destinatarias	O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da comunidade autónoma e das universidades do Sistema universitario de Galicia, que se encadren nalgunha das seguintes categorías: grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario e grupos I e II do persoal laboral.		
Modalidade	Presencial	**Data**	29 de setembro
Prazas	60	**Solicitudes**	105
Horas	2,5	**Resultados enquisa**	9,8 (nunha escala de 0 a 10 e en base a 20 enquisas)



Universo EGAP Innova

O Universo EGAP Innova xurdiu en 2019 como un proxecto multidisciplinar e transversal creado co obxectivo de contribuír á innovación e ao cambio nas administracións públicas a través de prácticas formativas que implicasen a participación do alumnado, a autoxestión da aprendizaxe e a identificación de oportunidades.

Este proxecto consta á súa vez de tres programas formativos con características diferenciadas pero complementarios entre si. Dentro do Universo EGAP Innova a Escola creou unha comunidade de práctica centrada na protección de datos, pílulas formativas e os e-martes.

Os e-martes tiveron un importante papel na programación da Escola durante o último semestre de 2019 e, debido ao seu éxito de matrícula e aos bos resultados de satisfacción, o proxecto tivo continuidade en 2020. Esta actividade consta dunha sesión presencial na que se proporciona formación práctica e breve ao persoal empregado público da Administración autonómica e á cidadanía sobre aspectos concretos das transformacións tecnolóxicas, organizativas e lexislativas derivadas da administración electrónica. Para logralo deseñáronse, co apoio da Amtega, varias sesións cunha duración de seis horas que tratan polo miúdo temas coma o rexistro electrónico na Xunta de Galicia, o uso de certificados dixitais, a contratación pública e as notificacións electrónicas.

En definitiva, as tres partes que conforman o Universo EGAP Innova dan conta do interese da Escola por ofrecer unha formación ampla, de calidade e actualizada en materia de administración electrónica que permita ao sector público operar coa maior eficacia e eficiencia, coa finalidade última de prestar servizos públicos dixitais de calidade.

Finalmente, cómpre mencionar que esta iniciativa foi galardoada co Premio á innovación didáctica na formación para o emprego das administracións públicas, convocado polo Instituto Nacional de Administración Pública (BOE núm. 93, do 3 de abril de

PU20001: V xornada de formación práctica dixital (e-martes)

O obxectivo principal desta xornada foi abordar desde unha perspectiva práctica o seguintes contidos:

- Notificacións electrónicas. Sistema de notificacións electrónicas de Galicia: notifica.gal
- Identificación dixital (certificados dixitais e Chave).
- Sede electrónica.

Persoas destinatarias	• O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais. • A cidadanía: profesionais e persoas interesadas no manexo das aplicacións descritas na súa relación coa Administración.		
Modalidade	Presencial	**Data**	4 de febrero
Prazas	50	**Solicitudes**	176
Horas	6	**Resultados enquisa**	8,6 (nunha escala de 0 a 10 e en base a 34 enquisas)

PU20004: VI xornada de formación práctica dixital (e-martes)

O obxectivo principal desta xornada foi abordar desde unha perspectiva práctica o seguintes contidos:

- O Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia
- O Sistema único de rexistro da Xunta de Galicia Surex: Sistema de recepción electrónica (Rexel) e Sistema de interconexión de rexistros (SIR)
- A Sede electrónica da Xunta de Galicia

Persoas destinatarias	• O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais. • A cidadanía: profesionais e persoas interesadas no manexo das aplicacións descritas na súa relación coa Administración.		
Modalidade	Presencial	**Data**	3 de marzo
Prazas	50	**Solicitudes**	55
Horas	6	**Resultados enquisa**	7,79 (nunha escala de 0 a 10 e en base a 33 enquisas)

PU20014: VII xornada de formación práctica dixital (e-martes)

O obxectivo principal desta xornada foi abordar o uso de certificados dixitais na Xunta de Galicia cunha dobre perspectiva:

- Uso interno nas administracións públicas: certificados de empregado público, certificados de selo electrónico para actuacións administrativas automatizadas e portasinaturas corporativo.
- Cidadanía: sede electrónica da Xunta de Galicia. Proxecto Chave 365. Sala electrónica de sinaturas.

Persoas destinatarias	• O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais. • A cidadanía: profesionais e persoas interesadas no manexo das aplicacións descritas na súa relación coa Administración.		
Modalidade	Presencial	**Data**	1 de setembro
Prazas	29	**Solicitudes**	61
Horas	6	**Resultados enquisa**	8 (nunha escala de 0 a 10 e en base a 24 enquisas)

PU20016: VIII xornada de formación práctica dixital (e-martes)

O obxectivo principal desta xornada foi abordar o uso dos sistemas para a contratación pública: portal Contratos de Galicia. Licitación electrónica Silex. Rexistro Xeral de Contratistas. Sistema electrónico de facturación.

Persoas destinatarias	• O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais. • A cidadanía: profesionais e persoas interesadas no manexo das aplicacións descritas na súa relación coa Administración.		
Modalidade	Presencial	**Data**	6 de outubro
Prazas	29	**Solicitudes**	134
Horas	6	**Resultados enquisa**	7,2 (nunha escala de 0 a 10 e en base a 9 enquisas)

PU20019: IX xornada de formación práctica dixital (e-martes)

O obxectivo principal desta xornada foi abordar desde unha perspectiva práctica o seguintes contidos:

- Notificacións electrónicas. Sistema de notificacións electrónicas de Galicia: notifica.gal
- Identificación dixital (certificados dixitais e Chave).
- Sede electrónica.

Persoas destinatarias	• O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais. • A cidadanía: profesionais e persoas interesadas no manexo das aplicacións descritas na súa relación coa Administración.		
Modalidade	Presencial	**Data**	3 de novembro
Prazas	29	**Solicitudes**	228
Horas	6	**Resultados enquisa**	10 (nunha escala de 0 a 10 e en base a 17 enquisas)

PU20023: X xornada de formación práctica dixital (e-martes)

O obxectivo principal desta xornada foi abordar desde unha perspectiva práctica o seguintes contidos:

- O Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia
- O Sistema único de rexistro da Xunta de Galicia Surex: Sistema de recepción electrónica (Rexel) e Sistema de interconexión de rexistros (SIR)
- A Sede electrónica da Xunta de Galicia

Persoas destinatarias	• O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais. • A cidadanía: profesionais e persoas interesadas no manexo das aplicacións descritas na súa relación coa Administración.		
Modalidade	Presencial	**Data**	1 de decembro
Prazas	29	**Solicitudes**	150
Horas	6	**Resultados enquisa**	9,8 (nunha escala de 0 a 10 e en base a 14 enquisas)

PU20028: XI xornada de formación práctica dixital (e-martes)

O obxectivo principal desta xornada foi abordar desde unha perspectiva práctica o seguintes contidos:

- O Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia
- O Sistema único de rexistro da Xunta de Galicia Surex: Sistema de recepción electrónica (Rexel) e Sistema de interconexión de rexistros (SIR)
- A Sede electrónica da Xunta de Galicia

Persoas destinatarias	• O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais. • A cidadanía: profesionais e persoas interesadas no manexo das aplicacións descritas na súa relación coa Administración.		
Modalidade	Presencial	**Data**	15 de decembro
Prazas	29	**Solicitudes**	67
Horas	6	**Resultados enquisa**	9,3 (nunha escala de 0 a 10 e en base a 7 enquisas)

Webinarios convocados en 2020

PU20012: O levantamento da suspensión dos prazos administrativos e procesuais. Cuestións prácticas de interese

O Acordo do Congreso dos Deputados do 20 de maio de 2020 autorizando a prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, dispuxo o levantamento da suspensión de termos e da interrupción de prazos administrativos, prazos procesuais e prazos de prescrición e caducidade de accións e dereitos, con efectos desde o 1 e o 4 de xuño de 2020 de forma respectiva. O alambicado réxime contido no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, xerou unha boa dose de incerteza e inseguridade en forma de interrogantes que conviña resolver canto antes. De aí a utilidade desta sesión eminentemente práctica.

Persoas destinatarias	O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia e das universidades do Sistema universitario de Galicia, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.		
Modalidade	Telepresenza	**Data**	4 de xuño
Prazas	60	**Solicitudes**	140
Horas	1	**Resultados enquisa**	4,6 (nunha escala de 1 a 5 e en base a 15 enquisas)

PU20017 - Protección de datos a partir da pandemia COVID-19

O obxectivo principal desta actividade foi tomar coñecemento das últimas novidades na aplicación da normativa de protección de datos a partir da emerxencia sanitaria derivada da pandemia COVID-19 e analizar o impacto das medidas adoptadas sobre os dereitos contemplados en dita normativa.

Persoas destinatarias	O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes instrumentais.		
Modalidade	Telepresenza	**Data**	29 de outubro
Prazas	60	**Solicitudes**	181
Horas	2,5	**Resultados enquisa**	4,6 (nunha escala de 1 a 5 e en base a 32 enquisas)



PU20020 - O persoal funcionario interino: réxime xurídico e respostas á problemática suscitada pola temporalidade na Función Pública

O obxectivo principal desta actividade era analizar a temporalidade na Función Pública, un dos principais retos a que se enfrontan hoxe en día as administracións públicas en España, tal e como demostran os actuais traballos de reforma do Estatuto básico do empregado público neste punto. Ademais da equiparación de réximes xurídicos entre o persoal funcionario de carreira e o persoal funcionario interino, identificando o que é propio de cada un deles en función da súa natureza, o maior reto vén dado pola laxitude das relacións temporais funcionariais, particularmente en ámbitos como a sanidade, a educación ou a Administración local. O seminario analizou o réxime xurídico do persoal funcionario interino, partindo das circunstancias que amparan o seu nomeamento e abordando tanto as solucións adoptadas para paliar a temporalidade como as posibles transformacións en indefinidas de interinidades ou os propios procesos de estabilización.

Persoas destinatarias	O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes instrumentais e da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia.		
Modalidade	Telepresenza	**Data**	19 de novembro
Prazas	60	**Solicitudes**	480
Horas	1,5	**Resultados enquisa**	4,1 (nunha escala de 1 a 5 e en base a 12 enquisas)

PU20022 - Ciclo de conferencias de dereito administrativo, dignidade humana e emerxencia

Esta actividade tivo por obxecto expoñer a incidencia que as situacións de emerxencia humanitaria, como a actual pandemia, producen nas principais categorías e institucións do dereito administrativo e da Administración pública.

Sesións	PU20024 - O Dereito Administrativo e a dignidade humana PU20025 - O Dereito Administrativo nas emerxencias humanitarias PU20026 - O dereito á boa administración en tempos de pandemia PU20027 - Os desafíos do Dereito Administrativo Global en tempos de crise		
Persoas destinatarias	O persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes instrumentais e da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia.		
Modalidade	Telepresenza	**Horas**	1,5 en cada sesión
Prazas	60 en cada sesión	**Solicitudes**	213
Datas	2 de decembro 9 de decembro 16 de decembro 20 de xaneiro	**Resultados enquisa**	1ª sesión: 4,7 (nunha escala de 1 a 5 e en base a 22 enquisas) 2ª sesión: 4,9 (nunha escala de 1 a 5 e en base a 7 enquisas) 3ª sesión: 4,9 (nunha escala de 1 a 5 e en base a 6 enquisas) 4ª sesión: 4,2 (nunha escala de 1 a 5 e en base a 6 enquisas)



Sinatura de convenios

63 Sinatura de convenios

64 Convenios asinados en 2020

68 Cursos convocados no ano 2020

Sinatura de convenios

A sinatura de convenios permítelle á EGAP xerar sinerxías con outros organismos, mellorando deste xeito a formación que pode ofrecer aos empregados públicos da Administración galega. A través desta fórmula ambas as dúas partes acordan establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgativo e investigador para conseguir un mellor cumprimento dos seus respectivos fins, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

Mediante convenios permítese a participación de colectivos específicos en determinadas actividades de formación da EGAP ás que non terían acceso; e foméntase a realización conxunta de cursos, seminarios e xornadas; o que, á súa vez, permite aos empregados públicos ver incrementada a súa capacidade de acceder a áreas específicas de coñecemento, xestionadas desde o sector privado ou desde outras administracións públicas.

Cómpre destacar que algunhas actividades fundamentais da Escola se desenvolven grazas á sinatura de convenios con diferentes entidades da Xunta de Galicia. Este é o caso dos cursos de linguaxe administrativa e xurídica galega -que se realizan mediante un convenio anual coa Secretaría Xeral de Política Lingüística- ou os cursos sobre tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), administración electrónica e protección de datos -que se realizan mediante un convenio coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Durante o ano 2020 a EGAP tivo vixentes un total de 63 convenios que lle permitiron convocar 85 actividades formativas e 3570 prazas.

Convenios asinados en 2020

1. Escola Galega de Administración Pública e a **Asociación de Funcionarios do Corpo Superior da Administración Pública da Xunta de Galicia,** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (30/08/2017)

2. Escola Galega de Administración Pública e o **Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (12/01/2018)

3. Escola Galega de Administración Pública e a **Universidade de Santiago** para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado do grao en Lingua e Literatura Galegas (05/06/2019)

4. Escola Galega de Administración Pública e a **Universidade de Salamanca,** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (21/11/2019)

5. Escola Galega de Administración Pública e a **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (09/01/2020)

6. Escola Galega de Administración Pública e o **Instituto Galego do Consumo e da competencia (IGCC)** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (09/01/2020)

7. Escola Galega de Administración Pública e a **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (09/01/2020)

8. Escola Galega de Administración Pública e o **Centro Informático de Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC),** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (09/01/2020)

9. Escola Galega de Administración Pública e o **Concello de Pontevedra**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (09/01/2020)

10. Escola Galega de Administración Pública e o **Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA),** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (11/01/2020)

11. Escola Galega de Administración Pública e a **Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU),** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (10/01/2020)

12. Escola Galega de Administración Pública e a **Comisión Galega da Competencia (CGC),** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (10/01/2020)

13. Escola Galega de Administración Pública e o **Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar,** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (10/01/2020)

14. Escola Galega de Administración Pública e o **Instituto Enerxético de Galicia (INEGA),** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (10/01/2020)

15. Escola Galega de Administración Pública e o **ente público Portos de Galicia,** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (10/01/2020)

16. Escola Galega de Administración Pública e a **Consellería do Medio Rural,** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (10/01/2020)

17. Escola Galega de Administración Pública e a **Secretaría Xeral da Igualdade**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación de carácter xeral e específico no ámbito da igualdade de xénero. (13/01/2020)

18. Escola Galega de Administración Pública e o **Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR),** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

9. Escola Galega de Administración Pública e o **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER),** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

20. Escola Galega de Administración Pública e o **Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA),** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

21. Escola Galega de Administración Pública e o **Valedor do Pobo,** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

22. Escola Galega de Administración Pública e o **Consello Consultivo de Galicia** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

23. Escola Galega de Administración Pública e a **Deputación Provincial de Ourense**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

24. Escola Galega de Administración Pública e a **Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento,** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

25. Escola Galega de Administración Pública e a **Asociación Galega de Peritos Xudiciais e Forenses**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

26. Escola Galega de Administración Pública e o **Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas da Coruña e Pontevedra (COETAAC),** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

27. Escola Galega de Administración Pública e o **Colexio de Biólogos de Galicia,** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

28. Escola Galega de Administración Pública e a **Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES Galicia),** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

29. Escola Galega de Administración Pública e a **Rede Europea de Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN-GALICIA)**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (13/01/2020)

30. Escola Galega de Administración Pública e a **Axencia Galega de Innovación (GAIN),** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

31. Escola Galega de Administración Pública e o **Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

32. Escola Galega de Administración Pública e **CUALTIS, S.L.U.,** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

33. Escola Galega de Administración Pública e a **Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT)**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (13/01/2020)

34. Escola Galega de Administración Pública e o **Parlamento de Galicia**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (13/01/2020)

35. Escola Galega de Administración Pública e o **Consello Económico e Social (CES)**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

36. Escola Galega de Administración Pública e o **Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña (COSITAL Coruña)**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

37. Escola Galega de Administración Pública e o **Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia,** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

38. Escola Galega de Administración Pública e o **Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de Galicia** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

39. Escola Galega de Administración Pública e a **Asociación Galega de Médicos Forenses**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (13/01/2020)

40. Escola Galega de Administración Pública e o **Consejo General de los Colegios Oficiales de Secretarios, Interventores y Tesoreros de Administración Local (COSITAL),** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (13/01/2020)

41. Escola Galega de Administración Pública e a **Central Sindical Independente de Funcionarios de Galicia (CSIF-Galicia)** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (14/01/2020)

42. Escola Galega de Administración Pública e o **sindicato nacional de Comisións Obreiras de Galicia**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (14/01/2020)

43. Escola Galega de Administración Pública e **Cruz Vermella de Santiago**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (15/01/2020)

44. Escola Galega de Administración Pública e **FeSP UGT Galicia**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (15/01/2020)

45. Escola Galega de Administración Pública e o **Instituto Galego do TDAH e Trastornos Asociados (INGADA),** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (16/01/2020)

46. Escola Galega de Administración Pública e a **Federación de Empregados Públicos da Unión Sindical Obreira (USO),** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (29/01/2020)

47. Escola Galega de Administración Pública e a **Consellería de Cultura e Turismo,** para a realización de actividades de formación en lingua galega para o ano 2020. (30/01/2020)

48. Escola Galega de Administración Pública e o **Concello de Outeiro de Rei**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (06/02/2020)

49. Escola Galega de Administración Pública e a **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (08/02/2020)

50. Escola Galega de Administración Pública e as **Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (19/02/2020)

51. Escola Galega de Administración Pública e o **Consello de Contas de Galicia,** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (20/02/2020)

52. Escola Galega de Administración Pública e a **Fundación Franz Weber,** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (24/02/2020)

53. Escola Galega de Administración Pública e a **Consellería de Cultura e Turismo,** para o desenvolvemento de actividades de formación (28/02/2020)

54. Escola Galega de Administración Pública e o **Colexio de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (28/02/2020)

55. Escola Galega de Administración Pública e o **Colexio de Economistas da Coruña**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (28/02/2020)

56. Escola Galega de Administración Pública e o **Consello Galego de Colexios de Economistas**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (28/02/2020)

57. Escola Galega de Administración Pública, a **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza** e a **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)**, para a convocatoria e o desenvolvemento de actividades de formación e divulgación en materia de administración electrónica e protección de datos (02/03/2020)

58. Escola Galega de Administración Pública e o **Concello da Coruña**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (03/03/2020)

59. Escola Galega de Administración Pública e o **Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia,** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (28/04/2020)

60. Escola Galega de Administración Pública e a **Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp)**, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación. (19/06/2020)

61. Escola Galega de Administración Pública e o **Iluste Colexio de Avogados de Santiago de Compostela,** para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (08/10/2020).

62. Escola Galega de Administración Pública e a **Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP),** para o desenvolvemento de cursos na modalidade de teleformación (23/10/2020).

63. Escola Galega de Administración Pública e a **Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, para a organización dun curso sobre transparencia administrativa e acceso á información pública (30/10/2020).

Cursos convocados no ano 2020

En colaboración co Concello de Pontevedra				
Código	**Nome do curso**	**Horas**	**Edic.**	**Prazas**
CV20001	Lingua inglesa nivel Intermedio	50	6	18
CV20002	Lingua inglesa nivel Básico	50	4	12

En colaboración co Consello Consultivo de Galicia				
Código	**Nome do curso**	**Horas**	**Edic.**	**Prazas**
CV20003	Comercio electrónico	20	1	50
CV20004	Resolución de conflitos de consumo. A tramitación das súas reclamacións.	20	1	50
CV20005	Consumo e finanzas	20	1	50
CV20006	Consumo e publicidade	20	1	50
CV20007	Consumo e xénero	20	1	50
CV20023	A intervención do Consello Consultivo de Galicia na nova Lei de Contratos do Sector Público	21	1	50
CV20024	Curso práctico sobre responsabilidade patrimonial das entidades locais	30	1	50
CV20025	Os recursos administrativos na nova Lei 39/2015	21	1	50
CV20031	Os recursos administrativos na nova Lei 39/2015	21	1	50
CV20032	Responsabilidade patrimonial das entidades locais	30	1	50
CV20033	A intervención do Consello Consultivo de Galicia na nova Lei de Contratos do Sector Público	21	1	50

En colaboración co Issga				
Código	**Nome do curso**	**Horas**	**Edic.**	**Prazas**
CV20008	Prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre - Nivel básico	60	1	75
CV20009	Prevención de riscos laborais. Nivel básico. ISSGA	60	3	225
CV20022	Prevención de riscos laborais. Nivel básico. ISSGA	60	3	225
CV20030	Prevención de riscos laborais. Nivel básico. ISSGA	60	3	225

En colaboración co Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia				
